

PROGRAMA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL 2025

PREGUNTAS FRECUENTES

1. Vou ser presentada como candidata para estas axudas a través dunha entidade allea ao Sistema Universitario de Galicia (SUG), a onde debo dirixirme para formular unha serie de dúbidas que teño sobre esta convocatoria? Onde deberei enviar a solicitude?

Ao ser presentada por unha entidade allea ao SUG, vostede poderá dirixirse á Axencia Galega de Innovación para formular as súas dúbidas (a través dos teléfonos 881999213 e 981543991 ou do enderezo de correo electrónico axudas-rrhh-xestion.gain@xunta.gal). A presentación da solicitude farase obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e do formulario normalizado IN606A.

Pola contra, se vostede fose presentada como candidata a través dunha universidade pública do SUG, deberá dirixirse á Secretaría Xeral de Universidades (a través dos teléfonos 881995152 / 881995980 ou do enderezo de correo electrónico promocioncientifica.educacion@xunta.gal). A presentación de solicitude farase obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e do formulario normalizado ED481A.

Lembre que, en calquera das dúas situacións citadas, vostede deberá ser presentada individualmente como candidata pola entidade solicitante.

2. Como teño que facer para preparar a solicitude? Onde podo atopar os anexos que deberán ser entregados xunto ao formulario da solicitude para esta convocatoria?

En primeiro lugar, deberá coordinarse coa entidade que vaia a presentar a súa candidatura a estas axudas para preparar a presentación da súa solicitude. Neste senso, se dispón dalgún sistema de identificación e sinatura admitidos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, ten a posibilidade de presentar un borrador da súa solicitude a estas axudas e de envialo a través da citada sede á entidade que a vaia a presentar para que esta, finalmente, presente a solicitude a través do rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

Vostede deberá entrar na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) e buscar a palabra "Predoutoral" no buscador da devandita sede. Para as solicitudes procedentes do Sistema Universitario de Galicia (SUG) figura o código ED481A; para as alleas ao SUG, o código é o IN606A.

Importante: este procedemento estará activo na Sede Electrónica a partir do día seguinte á publicación no DOG desta convocatoria.

Na lapela de **Presentación** da Sede Electrónica teñen todos a Sección de "**Anexos Asociados**", que as persoas investigadoras solicitantes poderán cubrir e gardar como **BORRADOR** que, posteriormente, poderá ser compartido coa entidade que vaia a presentar e asinar a solicitude a través desta Sede electrónica.

O **Anexo II** (para solicitudes no ámbito do SUG) ou o **Anexo II bis** (para solicitudes de entidades alleas ao SUG) é o formulario de solicitude principal que deberá ser asinado electronicamente pola persoa representante legal da entidade solicitante.

O resto de anexos e documentación presentada poderá ser asinada manual ou electronicamente (ou, no caso de ter varias sinaturas, manual e electronicamente nun mesmo documento).

3. Para a valoración do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira para esta convocatoria vou presentar un título nivel B1 de inglés e outro de B2 de alemán (en ambos os dous títulos figura expresamente o nivel alcanzado de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas). Podo recibir puntuación por calquera dos títulos citados? Esta puntuación podería sumarse?

Segundo o artigo 10 das bases desta convocatoria, o nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira puntuarase a partir do nivel B2 ou equivalente. Polo tanto, o seu título de nivel B1 de inglés non recibirá puntuación, a diferenza do título B2 de alemán, que podería obter unha puntuación de 2 puntos. No caso de que vostede presentara varios certificados de linguas diferentes (pero non dunha mesma lingua) poderían sumarse ata chegar un máximo de 7 puntos. Lembre, en todo caso, que non se considerará lingua estranxeira a do país de orixe ou de nacionalidade, nin ningunha lingua oficial ou cooficial do Estado español.

4. A persoa candidata vai obter un título C1 de inglés nunha data posterior ao termo do prazo de entrega de solicitudes para esta convocatoria. Podería entregar este título con posterioridade ao dito prazo como emenda ou mellora voluntaria de solicitude?

Non, ao tratarse dun mérito puntuable, o certificado demostrativo deste mérito deberá ser enviado antes do remate do prazo de entrega de solicitudes para esta convocatoria.

No caso de aclaración ou emenda da información e/ou documentación achegada coa solicitude, esta deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

5. É imprescindible estar matriculada nun programa de doutoramento para o curso 2024/25 para poder optar a esta axuda? En vez de estar matriculada, valería un certificado da miña universidade onde indique que, no caso de que o meu expediente obtivese a axuda, eu non tería problemas para matricularme no programa doutoramento para o curso 2025/26?

Nesta convocatoria, segundo o artigo 2.4.b) é obrigatorio estar matriculada nun programa oficial de doutoramento dunha universidade do SUG para o curso 2024/25 e a matrícula terá que estar formalizada necesariamente a tempo completo antes da sinatura do contrato (se no momento de presentar a solicitude é a tempo parcial e a persoa resulta seleccionada nestas axudas, deberá cambiar a tempo completo antes da sinatura do contrato).

Ademais, entre a documentación que debe achegarse xunto coa solicitude, segundo o artigo 6.1.c), deberá presentar unha certificación da universidade na que está matriculada a persoa candidata, asinada pola persoa titular da vicerreitoría competente en materia de investigación ou persoa na que delegue, conforme o modelo normalizado do anexo V, na que conste, entre outros aspectos, o programa de doutoramento no que está matriculada no curso 2024/25.

6. Podo presentarme a esta convocatoria se eu, como persoa candidata, non teño ningún dos méritos especificados no apartado 1.b) do artigo 10?

Non é obrigatorio que a persoa investigadora cumpra con algún dos méritos especificados nese apartado, xa que estes refírense á persoa designada para dirixir ou codirixir a tese. Ao tratarse dun mérito é algo opcional.

Fíxese ben que no caso de pertenza a un equipo de investigación do que forme parte unha persoa investigadora beneficiaria dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC) non hai unha periodización definida.

7. No caso das puntuacións establecidas no artigo 10.1.b) das bases da convocatoria, como as poderemos presentar? Existe algún formulario normalizado?

Segundo a letra a) do artigo 6.2 das bases da convocatoria, para alegar o mérito para esta puntuación deberá presentarse unha certificación asinada pola entidade solicitante, na que se faga constar esa circunstancia e a convocatoria na que obtivo o financiamento.

Publicaremos na web da Axencia Galega de Innovación, na sección correspondente a estas axudas, un formulario normalizado (de uso voluntario) para indicar esta puntuación.

8. Quero presentarme a estas axudas pero o obxecto da miña investigación non ten adecuación posible coa RIS3 Galicia, podería presentarme igual?

Si pode presentarse. A convocatoria indica no seu artigo 6.2 que, para acreditar os méritos que se aleguen, haberá que achegar, entre outros, unha memoria de adecuación do proxecto á RIS3. Agora ben, ao tratarse dun mérito e non dun requisito, a presentación desta memoria é voluntaria. Polo tanto, vostede pode concorrer a estas axudas sen presentar a dita memoria.

9. Haberá unha reserva de prazas para persoas con discapacidade?

Si, con 3 prazas no ámbito do SUG e 1 no da Axencia Galega de Innovación (sempre e cando se acredite correctamente unha discapacidade igual ou superior ao 33%).

10. Se teño un certificado de discapacidade da Xunta de Galicia, teño que achegalo coa solicitude?

Non, só tería que achegalo no caso de que este fose expedido fóra da Xunta de Galicia. Iso si, terá que facelo constar no formulario Anexo III.

11. No ámbito da Axencia Galega de Innovación [alleo ao Sistema Universitario de Galicia (SUG)], hai reserva de prazas para persoas de nacionalidade non comunitaria?

Si, o número máximo de persoas non comunitarias que poderán obter este tipo de axudas é de 8 no ámbito do SUG e de 1 no ámbito das demais entidades.

12. Eu estiven de baixa maternal no ano 2019, podo acceder á axuda acreditando un título de licenciatura anterior ao 1 de xaneiro de 2021?

Si, o artigo 2 prevé supostos de excepcións para cumprir o requisito da obtención do título de licenciatura que, en todo caso, deberá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2018. Estes requisitos están detallados na letra d) do artigo 2.4 (persoas con maternidade, discapacidade $\geq 33\%$ ou que sufriran unha enfermidade grave).

13. Eu rematei o mestrado (*máster*) no ano 2022 e parte deses créditos foron necesarios para obter o meu título de grao. Como sei se cumpro os requisitos?

A entidade solicitante deberá entregar unha certificación da universidade na que está matriculada (anexo V) na que se faga constar o programa de doutoramento no que está matriculada no curso 2024/25, o título de grao ou equivalente, a universidade na que o cursou, a data de finalización e número de créditos superados, o título oficial de mestrado e a nota media (desta certificación fálase no artigo 6.1.c).

14. Para calcular a nota media requirida na convocatoria, deberemos ter en conta soamente as notas do grao ou tamén as notas do mestrado?

Quen deberá calcular esta nota media é a universidade na que vostede está matriculada. A dita nota media será reflectida no documento denominado Anexo V, que será asinado pola persoa titular da vicerreitoría competente en materia de investigación ou persoa na que delegue, segundo se indica no artigo 6.1.c) das bases da convocatoria.

15. É obrigatorio estar en posesión do título de mestrado (*máster*) para esta convocatoria? Podo presentarme igualmente se non o teño?

Pode presentarse, pero teña en conta que é un requisito desta convocatoria que deberá ter cumprido na data límite de presentación de solicitudes. Polo que, se non está en posesión do dito título **oficial** de mestrado, será unha causa de exclusión.

16. É unha obriga marcar a estadía de investigación no formulario de solicitude? As estadías pódense facer en menos de 3 meses (na mesma ou en distintas zonas)?

No contexto desta convocatoria, se opta por unha axuda para estadía deberá indicalo no formulario de solicitude. Se non o fai considerarase que non solicita estadías. Neste senso é importante que teña en conta que simplemente bastará con que indique neste formulario a zona na que pensa desenvolver a estadía.

Por outra banda, o período de desenvolvemento das estadías **non** poderá ser inferior a 3 meses meses, será continuado, terá que realizarse entre o 01.10.2026 e o 30.09.2027 e so poderá realizarse nun único centro receptor.

17. Se escollo como destino para desenvolver as estadías a zona 2 (Europa -agás Portugal e Andorra-, África ou América -agás EUA e Canadá-), podería cambiar de zona xeográfica con posterioridade?

Non se debería: os orzamentos da resolución fanse en función das zonas de estadía seleccionadas polas axudas concedidas.

Unicamente por circunstancias excepcionais sobrevidas, correctamente xustificadas, poderíase presentar unha petición na que se solicite un cambio de zona. Agora ben, podería realizarse un cambio a unha zona de menor contía (por exemplo da zona 2 á zona 1), pero en ningún caso sería posible cambiar o desenvolvemento da estadía a unha zona de maior contía. O cambio deberá contar co informe favorable da entidade na que está contratada e coa autorización expresa da Secretaría Xeral de Universidades ou da Axencia Galega de Innovación, segundo corresponda.

18. A memoria de adecuación do proxecto de investigación á Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia: é obrigatoria? Ten algunha extensión mínima ou máxima? Debe conter algúns aspectos determinados?

Ao tratarse dun mérito (e non dun requisito), a presentación desta memoria é opcional. Aínda que o seu formato é libre, recomendamos empregar o modelo que poderá atopar nas respectivas páxinas web da Axencia Galega de Innovación e da Secretaría Xeral de Universidades. O artigo 6.2.b) das bases da convocatoria especifica que deberá estar asinada pola persoa candidata e pola persoa designada para dirixir a tese e deberán constar, de forma obrigatoria, a totalidade dos seguintes aspectos:

- Título do proxecto de investigación
- Resumo indicativo do proxecto de tese de doutoramento (cun máximo de 150 palabras). O texto deberá visualizarse de forma completa e lexible na memoria final asinada.
- Reto (marcarase só un único reto)
- Prioridade (marcarase só unha única prioridade)
- Ámbito de priorización correspondente ao reto indicado (marcarase só un único ámbito, que teña relación co reto e prioridade seleccionadas).

A omisión dalgún dos aspectos citados suporá que esta memoria non será puntuada.

19. A duración das axudas agora é de 4 anos. Que pasa se leo a tese e obteño o título de doutoramento antes dos 4 anos? Teño que renunciar á axuda?

Non terá que renunciar á axuda. Segundo o artigo 2.3, se vostede obtén o título de doutoramento, poderá acceder a un **período de orientación posdoutoral** coa conformidade da entidade beneficiaria da axuda, que, segundo o artigo 13 das bases da convocatoria, deberá ser a tempo completo e cunha duración máxima de 12 meses. A súa entidade deberá formalizalo a partir do día seguinte ao acto de defensa e aprobación da tese de doutoramento, segundo o artigo 13 da convocatoria.

20. Se obteño o título de doutoramento despois de iniciado o último ano do contrato, pode acceder ao contrato de orientación posdoutoral?

Si poderá. Segundo o artigo 13 das bases da convocatoria, para poder acceder ao contrato de orientación posdoutoral se obtén o título de doutoramento antes do final do período da axuda.

21. No caso de obter a axuda, poderíanse pedir anticipos para o seu pagamento?

Esta convocatoria non prevé o pagamento de anticipos.

22. Cando comezarán os contratos derivados destas axudas?

A partir do día 1 de setembro de 2025. Esta data quedará fixada na correspondente resolución de adxudicación.

23. No caso de obter a axuda, podería renunciar antes da finalización dos 4 anos de contrato?

Si. O mecanismo das renuncias figura no artigo 20 das bases da convocatoria: a entidade beneficiaria deberá informar á Axencia Galega de Innovación, enviando un escrito motivado asinado pola persoa contratada, nun prazo máximo de 15 días desde que esta se produza.

24. Quedei na lista de espera destas axudas. Podería acceder a estas?

Si, se algunha das persoas contratadas inicialmente renuncia antes do 10 de outubro de 2025. Se se dera este caso poderase adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera do órgano instrutor no que se producira a renuncia (isto é, a lista de espera das solicitudes procedentes do Sistema Universitario de Galicia e independente da lista de entidades alleas a este).